

ACTA

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 12 de maio de 2021
Hora: 9:30h (2ª convocatoria)
Lugar: MS TEAMS

Asistentes

Fernandez Pena Anselmo Tomas, Fernández Rivera Francisco Manuel, Gago Couso Felipe, González Alvarez Julia, Losada Carril David Enrique, Palacios Oubiña M Carmen, Pardo López Xosé Manuel, Pichel Campos Juan Carlos, Rodríguez Figueiras Oscar, Saco López Pedro Jose

Xustifican a súa ausencia: López Vilariño David,

PUNTO ÚNICO: Aprobación da proposta de Comisión Redactora do Grao en Intelixencia Artificial

A Directora informa que hai unha nova situación co acordo coa Xunta de Galicia para implantar Grao e Máster en Intelixencia Artificial nas 3 universidades galegas. É preciso unha memoria consensuada entre as 3 Universidades, e traballo conxunto.

A composición da comisión redactora debe ter 3 membros de cada Universidade: un responsable do centro e 2 membros adicionais. Pola USC sería David Losada como representante da Dirección, e MªJosé Carreira e Alberto Bugarín, que xa estaban na comisión redactora anterior. xa comezaron a traballar, pero é necesaria a constitución oficial. Partindo da memoria orixinal, quérese facer un grao con 2 cursos comúns ás 3 Universidades e 2 cursos de especialización propia de cada Universidade.

O Prof. FMFR pregunta como foron elixidos os membros. DELC responde que foron escollidos pola propia comisión redactora anterior. De feito, a comisión redactora anterior será informada informalmente da evolución, para ter en conta as diferentes sensibilidades do departamento de Electrónica e Computación.

Sen máis comentarios nin asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 9:40 h.